




Centro municipal de formación. Concello de Tui
Alvelos, 1. A Gándara. Guillarei. 36720 Tui
Tel.: 986.603949 Fax: 986.601859 E-e:cfo@concellotui.org



AXUDAS - SUBVENCIÓNS- FORMACIÓN – BECAS (PUBLICADAS NOS BOLETÍNS OFICIAIS)



SEMANA do 17 ao 23 de DECEMBRO 2018

Luns, 17 de decembro de 2018

Axudas formación transporte ORDE do 26 de novembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para conceder axudas para a formación no ámbito do transporte por estrada en Galicia, e se convocan para 2019 (tramitación anticipada). [DOGA](#)

Axudas compra taxi adaptado ORDE do 26 de novembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para a adquisición de vehículos taxi adaptados a persoas con mobilidade reducida (eurotaxi) e se convocan para o exercicio 2019 (tramitación anticipada). [DOGA](#)

Martes, 18 de decembro de 2018

Axudas impulso e fomento da cultura popular en lingua galega nas múltiples e variadas expresións artísticas BASES REGULADORAS DO PONTEGAL 2019 [BOPPO](#)

Proxectos hubs innovación dixital RESOLUCIÓN do 4 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para a selección de proxectos de hubs de innovación dixital que contribúan ao avance da Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3). [DOGA](#)

Mércores, 19 de decembro de 2018

Becas formación universitarios Orden APA/1341/2018, de 28 de novembro, por a que se establecen as bases reguladoras para a concesión de becas de formación práctica para titulados universitarios, en el ámbito de la sanidad de la producción agraria. [BOE](#)

Becas formación universitarios Orden APA/1342/2018, de 30 de novembro, por a que se establecen as bases reguladoras para a concesión de becas de formación práctica para titulados universitarios, en el ámbito de las producciones y mercados agrarios. [BOE](#)

Xoves, 20 de decembro de 2018

Axudas difusión e promoción da música galega e en galego PROGRAMA MUSIGAL 2019
[BOPPO](#)


Bolsas formación Europa universitarios ORDE do 7 de decembro de 2018 pola que se autoriza a Fundación Galicia Europa para conceder subvencións e se aproban as bases reguladoras para a concesión de bolsas de formación, dirixidas a persoas cun título universitario ou cun título de técnico superior de formación profesional, para realizar prácticas en asuntos relacionados coa Unión Europea.

[DOGA](#)

Axudas creación escolas infantís PI RESOLUCIÓN do 30 de novembro de 2018, da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, pola que se publica a Resolución do 22 de novembro de 2018 das axudas convocadas pola Orde do 25 de maio de 2018 pola que se regulan



Centro municipal de formación. Concello de Tui
Alvelos, 1. A Gándara. Guillarei. 36720 Tui
Tel.: 986.603949 Fax: 986.601859 E-e:cfo@concellotui.org



as bases que rexerán a concesión de axudas económicas para a creación de escolas infantís 0-3 en polígonos industriais e parques empresariais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se convocan en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2018 e 2019. [DOGA](#)

Venres, 21 de decembro de 2018

Axudas polos danos do lobo ORDE do 28 de novembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo lobo e se convocan para o ano 2019. [DOGA](#)

Axudas polos danos do xabaril ORDE do 7 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo xabaril nos cultivos agrícolas e se convocan para o ano 2019. [DOGA](#)

Axudas sector vitivinícola ORDE do 12 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para a execución de medidas de promoción do sector vitivinícola en mercados de terceiros países e se convocan para o ano 2019. [DOGA](#)